



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Dereito e biomedicina	Código	612G01040	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
1º e 2º Ciclo	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5
Idioma	CastelánInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito Privado			
Coordinación	Seoane Rodriguez, Jose Antonio	Correo electrónico	jose.antonio.seoane@udc.es	
Profesorado	Pereira Saez, Maria Carolina	Correo electrónico	c.pereira.saez@udc.es	
	Seoane Rodriguez, Jose Antonio		jose.antonio.seoane@udc.es	
Web	http://filosofiaderechocoruna.es/			
Descrición xeral	<p>Dereito e biomedicina examina as respostas xurídicas ás cuestións relativas á vida e a saúde, dous valores individuais e sociais moi apreizados</p> <p>Mediante o estudo das fontes normativas e bibliográficas, a análise de casos, sesións maxistras e seminarios, os estudantes coñecerán polo miúdo como protexe o Dereito a vida e a saúde e como responde ás novidades biomédicas e biotecnolóxicas, prestando especial atención á perspectiva dos dereitos humanos e ás resolucións dos Tribunais Constitucionais e mais ao Tribunal Europeo de Dereitos Humanos e o Tribunal de Xustiza da Unión Europea.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Adquirir coñecementos e habilidades para identificar, comprender e avaliar a dimensión xurídica da biomedicina e das profesións sanitarias	A3	B8	C1
	A4	B11	C4
	A5	B3	C6
	A8	B5	C7
	A9		C8
Adquirir coñecementos e habilidades para interpretar e resolver os problemas xurídicos que prantexan a biomedicina e as profesións sanitarias	A2	B7	C1
	A3	B8	C4
	A4	B11	C6
	A5	B2	C7
	A8	B3	C8
	A9	B5	
	A10		
	A15		
Adquirir habilidades argumentativas para intervenir nos procesos de toma de decisións no ámbito biomédico e asesorar aos profesionais sanitarios	A4	B7	C1
	A5	B8	C4
	A8	B10	C6
	A9	B11	C8
	A10	B2	
	A15	B3	
		B5	

Contidos



Temas	Subtemas
Sección I. Saúde e xustiza	<ol style="list-style-type: none"> 1. O concepto de saúde 2. O dereito á saúde 3. Sistemas de protección da saúde 4. Xustiza e saúde
Sección II. Toma de decisións biomédicas e autonomía do paciente	<ol style="list-style-type: none"> 1. Modelos de relación clínica 2. As autonomía do paciente. Concepto e límites 3. Autonomía decisoria 4. Autonomía informativa 5. Autonomía funcional
Sección III. O comezo da vida	<ol style="list-style-type: none"> 1. O estatuto do embrión humano 2. A interrupción voluntaria do embarazo (IVE) 3. Reprodución humana asistida 4. Maternidade subrogada 5. Existe un dereito a non ter nacido?
Sección IV. O final da vida	<ol style="list-style-type: none"> 1. O final da vida. Conceptos. Escenarios 2. Eutanasia e suicidio asistido 3. O significado xurídico da morte. Existe un dereito a morrer? 4. A extracción e o transplante de órganos e tecidos
Sección V. Investigación biomédica	<ol style="list-style-type: none"> 1. Investigación con seres humanos, as súas mostras biolóxicas e os seus datos persoais 2. Investigación con animais 3. Investigación con axentes biolóxicos e organismos modificados xeneticamente (OMX)

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Estudo de casos	A2 A3 A4 A5 A8 A9 A10 A15 B8 B10 B11 B2 B3 B5 C1 C4 C6	6	12	18
Proba de resposta múltiple	A2 A3 A4 A5 A8 A9 A10 B7 B8 B3 C1	1.5	6	7.5
Sesión maxistral	A2 A3 A4 A5 A8 A9 A10 B8 C6 C8	12	24	36
Obradoiro	A3 A4 A5 A8 A9 A10 A15 B7 B8 B10 B11 B2 B3 B5 C1 C4 C6 C7 C8	4	12	16
Análise de fontes documentais	A3 A4 A5 A8 A9 A10 B7 B8 B10 B3 B5 C1 C6 C8	10	20	30
Atención personalizada		5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Estudo de casos	<p>Análise de supostos paradigmáticos que presentan as relacións entre o Dereito e a biomedicina, e que en ocasións prantexan problemas e/ou solucións diferentes ás tradicionais.</p> <p>O estudante debe aprender a identificar e analizar as cuestións xurídicas implicadas, deliberar sobre elas e chegar a unha conclusión empregando argumentos xurídicos.</p> <p>O estudo de casos permite desenvolver as habilidades argumentativas e aplicar os coñecementos a situacións concretas. Se prestará especial atención aos casos analizados nas sentenzas biomédicas/ bioéticas/ bioxurídicas do Tribunal Constitucional español e o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, completándoo con resolucións do Tribunal Supremo español e doutros órganos xurisdiccionais internacionais</p>
Proba de resposta múltiple	É o método empregado para avaliar a aprendizaxe dos coñecementos teóricos doutrinais (fontes bibliográficas) e normativos (fontes lexislativas e xurisprudenciais)
Sesión maxistral	<p>Mediante a exposición oral o profesor procura transmitir a singularidade da linguaxe, os conceptos e o significado das normas xurídicas biomédicas, outorgando preferencia a un enfoque baseado nos dereitos humanos/fundamentais.</p> <p>Así mesmo, comenta os aspectos máis sobranceiros do temario e das fontes documentais manexadas.</p>
Obradoiro	<p>Este método, baixo a tutela do profesor, permite o estudo de temas monográficos con maior profundidade e detalle, combinando varias metodoloxías (análise de fontes documentais, especialmente lexislativas e xurisprudenciais; estudo de casos,...).</p> <p>O estudante participa dun xeito máis activo, poñendo en práctica os seus coñecementos e as súas habilidades argumentativas, orais e escritas.</p>
Análise de fontes documentais	<p>Parte importante da resposta xurídica á biomedicina está contida na lexislación (internacional, comunitaria europea, estatal e autonómica) e xurisprudencia (en especial do Tribunal Constitucional español e o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos).</p> <p>A lectura, comprensión e avaliación crítica destes textos normativos é unha vía importante para o desenvolvemento da materia e para a comprensión histórica e sistemática das relacións entre biomedicina e Dereito.</p> <p>O carácter básico da análise das fontes documentais, bibliográficas e normativas, se manifesta na súa presenza e influencia no desenvolvemento das restantes metodoloxías.</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais Obradoiro	<p>Guía e asesoramento na selección e análise das fontes bibliográficas e normativas</p> <p>Guía e asesoramento na selección dos temas dos obradoiros e nos procesos argumentativos e deliberativos sobre os textos normativos e os casos.</p> <p>Estudantado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa de asistencia ás aulas. Seguemento a través das titorías do profesorado.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Análise de fontes documentais	A3 A4 A5 A8 A9 A10 B7 B8 B10 B3 B5 C1 C6 C8	Avaliación da capacidade de selección, interpretación, exposición e análise, escrita e oral, das fontes documentais (bibliográficas e, especialmente, normativas -lexislativas e xurisprudenciais-)	30
Proba de resposta múltiple	A2 A3 A4 A5 A8 A9 A10 B7 B8 B3 C1	Examen tipo test. Avaliación dos coñecementos impartidos nas sesións maxistrais e os extraídos da análise das fontes documentais.	40
Obradoiro	A3 A4 A5 A8 A9 A10 A15 B7 B8 B10 B11 B2 B3 B5 C1 C4 C6 C7 C8	<p>Avaliación da capacidade de selección, interpretación, exposición e análise dos temas da materia e das fontes bibliográficas e normativas (lexislativas e xurisprudenciais).</p> <p>Avaliación das habilidades argumentativas, especialmente orais, e da participación nas deliberacións nas sesións presenciais.</p>	30

Observacións avaliación



1. Avaliación da segunda oportunidade

O/a estudante poderá conservar a cualificación obtida nos obradoiros, a análise de fontes documentais e a proba de resposta múltiple se é igual o superior ao aprobado en cada unha das partes. No caso de suspenso dos obradoiros, poderá acollerse á modalidade prevista para o estudiantado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa de asistencia ás aulas.

2. Plaxio ou fraude académica
O comportamento fraudulento nas probas de avaliación, e singularmente o plaxio (nos obradoiros e na análise de fontes documentais), terá como consecuencia a cualificación de "0 (Suspenso)" na oportunidade correspondente.

3. Criterios de avaliación do estudiantado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa de asistencia ás aulas.

A proba de resposta múltiple (40%) realizarase nas mesmas condicións que as do resto do estudiantado.

A avaliación dos obradoiros e da análise de fontes documentais consistirá na entrega de comentarios escritos das fontes normativas ou bibliográficas e un breve comentario oral perante o profesor antes da data fixada para o exame (proba de resposta múltiple).

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Roberto Andorno (2012). Bioética y dignidad de la persona. Madrid: Alianza - Roberto Andorno (2013). Principles of international biolaw. Bruxelles: Bruylant - Jonathan Herring (2010). Medical law and ethics. Oxford: OUP - Andrés Ollero (2006). Bioderecho: entre la vida y la muerte. Cizur Menor (Navarra): Thomson-Aranzadi - Andelka M Phillips et al. (ed.) (2019). Philosophical Foundations of Medical Law. Oxford: OUP - Carlos María Romeo Casabona (dir.) (2011). Enciclopedia de Bioderecho y Bioética. Granada: Comares; Deusto: Cátedra Interuniversitaria Fundación BBVA-Diputación Foral de Bizkaia de D - Javier Sánchez-Caro, Fernando Abellán (2003). Derechos y deberes de los pacientes (Ley 41/2002, de 14 de noviembre). Granada: Comares - Gostin, Lawrence O. (2014). Global health law. Harvard University Press
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Teoría e práctica da argumentación xurídica/612G01041

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías